

## **CSIC**

### **NOTA INFORMATIVA MESA DELEGADA DO CSIC 14/12/2023**

---

#### **2. CONCURSO DE TRASLADOS E ESTADO DE CONVOCATORIAS OEP E ESTABILIZACIÓN**

A SXARH informa que o concurso específico de persoal funcionario xa está mandado a BOE (publicado 15/12/2023).

Sobre o concurso xeral de traslados están pendente establecer o listado de cursos e itinerarios formativos que se valoran para enviarllo a finais de xaneiro a FP e que dea a súa aprobación.

A SXARH informa tamén do estado das convocatorias.

Promoción interna escalas técnicas 2019-2020: Previsión de nombramentos en xaneiro de 2024.

Acceso libre escalas técnicas 2020, 2021 e 2022: Exercicios en desenrolo ata o mes de decembro de 2023

Promoción interna escalas científicas 2021 e 2022: Publicadas listas definitivas de admitidos (excepto CTs) e exercicios dependentes da avaliación da AEI.

Promoción interna escalas técnicas 2021-2022: Vanse sumar as prazas da OEP de 2023 polo que a convocatoria está atrasada.

Acceso libre escalas científicas 2022: Unha vez acabados os exercicios está pendente enviar a lista de aprobados ao Ministerio.

A publicación das prazas de promoción interna da escala de tecnólogos segue sen estar publicada a pesares de que a SXARH informo una anterior Mesa Delegada de que foi enviada a proposta CSIC en decembro do ano pasado.

**CIG** solicita información sobre o gran número de prazas vacantes no turno libre das escalas técnicas A1, A2 e C1 e se tal como se di no BOE as prazas non cubertas de diferentes especialidades no mesmo organismo de distribúan entre os aprobados sen praza doutras especialidades. SXARH indica que así o van solicitar (ordeando por nota de oposición) ao MCIU como organismo xestor. En todo caso depende do MCIU a publicación da relación de aprobados e de FP o nomeamento.

#### **3. CONTRATO DE XESTIÓN**

O SX propón facer unha sesión extraordinaria da Mesa Delegada para explicar e debater sobre o Contrato de Xestión, especialmente no tema de RRGG, organización do traballo, Xerencias, Bolsa de Productividade, Informática e OEP.

#### **4. PROCESO DE ESTABILIZACIÓN**

SXARH indica que para os de Doctor FC está prevista para o 12 de xaneiro a firma de contratos.

En Titulados superiores e Medios FC por concurso xa está feito polo tribunal e valorado e para os de Concurso-Oposición están na fase de aprobados na fase de oposición.

SXARH informa que despois do prazo de alegacións coma sempre se presentan os méritos a valorar na fase de concurso.

As OOSS preguntan sobre a valoración dos FC a outras prazas de M3FC xa que non se puntúa. SXARH indica que están aplicando a resposta da asesoría xurídica.

En xaneiro está previsto a publicación dos listados definitivos dos postos dentro de Convenio. O primeiro exame das prazas de concurso-oposición están fixado o 17 de febreiro de 2024.

As OOSS solicitan información sobre prazas que saíron mal definidas no INIA neste proceso e sobre algunha alegación sobra a titulación por exclusión ao proceso.

#### **5. SITUACIÓN DO PAGO DE ATRASOS AO PERSONAL LABORAL**

**CIG** e outras OOSS indican que os atrasos de encadramento para o persoal contratao por obra ou servizo de 2019, 2020 e 2021 non están abonados nos CNs e a administración responde que no caso do IEO non foron enviados por este CN a pesares de solicitarllo expresamente.

SXARH indica que ao Persoal Laboral Fixo xa se lle pagaron os atrasos do incremento retributivo do convenio con data de 2019 e que para o INF xa está todo procesado, tanto para os que están dados de alta coma os que non. En todo caso, hai diferentes tipos de nóminas e tipos contractuais e por isto desaxustes puntuais. SXARH indica que pode haber problemas puntuais con algún tipo de personal, e que se é o caso se poñan en contacto con ese servizo.

Xa está actualizada a nómina coa subida do 0.5% pero falta o pago de atrasos por esta subida que aínda non se pagou. A previsión é facelo en xaneiro a os laborais fixos e tamén a os contratados non fixos.

As OOSS preguntan polos atrasos dos contratos de doutores da Xunta de Andalucía que están pendentes.

As OOSS tamén preguntan pola RCT que non se deu traslado a parte social.

#### **6. BOLSA DE EMPREGO**

A nova bolsa de emprego negociada coa parte social xa está actualizada e visada por FP e queda aprobada pola administración e parte social. Cambia o tempo de paso polo proxecto (12 meses) para a elixibilidade e que se elimina que falten menos de tres meses para a finalización do contrato asociado ao proxecto. Tamén permite a xeración de lista de contratación para un posto así que é interesante que haxa varios candidatos para que se xere se a persoa contratada renuncia ao mesmo. Elimínouse tamén o requisito de nota mínima de acceso.

## **7. PRODUCTIVIDADE**

A nova resolución de produtividade do CSIC coa integración dos CNs non se aproba por toda a parte social e queda pendente de aprobación e firma únicamente pola SX. A SX di que había que integrar neste modelo aos CNs pero no se poden asumir dende o primeiro momento o 100% dos beneficios para este persoal o que para a parte sindical é inasumible cando xa imos para dous anos e medio de pertenza deste persoal ao CSIC. En todo caso o orzamento é insuficiente para o antigo e o novo CSIC con asignacións como a produtividade de incidencias.

## **8. PLAN DE FORMACIÓN 2024**

A Administración presenta o plan de formación negociado para a súa aprobación. Ábrese un debate sobre a tipoloxía dos cursos, a baixa duración dalgúns e que o orzamento segue a ser insuficiente. En todo caso, indícase que se ofertan 324 cursos para 10142 persoas. Tamén se fala da xeración dunha bolsa de viaxe para os ICUs periféricos e da revisión do decreto de indemnización que depende de FP.

**CIG** solicita información de cómo se priorizan eses cursos pola dirección do ICU porque nunca se dan explicacións. A xefatura do Plan de Formación indica que a porcentaxe de non autorización a un curso é moi baixa, pero insistimos que o importante é a priorización dos cursos a determinado tipo de persoal.

## **9. PLAN ACCIÓN SOCIAL**

SX informa que posto que temos para o 2024 PXEs prorrogados non haberá incremento de orzamento para o plan do acción social do CSIC. Así. Nuevamente o PAS vaise xestionar con diferentes orzamentos e criterios e haberá 4 plans de acción social, o do CSIC e os tres dos CNs. Tamén indican que a contía económica será exactamente igual a do ano pasado para o persoal CSIC, no que houbo unha redución das asignacións do 5% pola falta de orzamento.

A xefatura do PAS indica que se está a traballar para que estea abonado o PAS do 2023 antes de finais de ano, pero en todo caso con data de 2023 na tributación. Informa que o IEO xa abonou este concepto e o pago polo IGME era inminente.

A SX informa que xa mandaron as fichas orzamentarias do 2024 a MCIU e Facenda para que se produza este incremento orzamentario necesario que permita non só integrar ao persoal dos CNs senón recuperar o PAS anterior a crise, cousa que de momento non está previsto que pase. Así que con ou sen CNs integrados o persoal CSIC segue perdendo dereitos.

## **10. AUDITORÍA DO SISTEMA SPRL E CONDICIONANTES DA INSPECCIÓN DE TRABALLO**

SXARH informa que fai dous anos a IT fixo unha auditoría do SPRL do CSIC solicitando unha modificación sustancial do sistema (Caes, análise de riscos, servizo médico). IT fixo o requerimento xa formal, a planificación de medidas e o cronograma. SXARH informa que cos recursos de persoal dispoñibles actualmente non é posible facer esa revisión completa do sistema, e que é necesario o apoio de FP para que dote de persoal. Hai un plan estratéxico que indica que hay que incorporar ata 50 efectivos, ben a través de captación por OEP ou concurso de traslados. Hai un plan cun escenario a tres anos para actualizar o sistema e dotarnos de procedementos e sobre todo de persoal.

Ábrese un debate sobre a externalización de servizos públicos, a vixilancia da saúde, a adaptación do recoñecemento médico ao posto (mandando previamente a ficha individual de riscos) e as funcións do servizo médico. SXARH indica que pediu a colaboración conxunta do INSST y FP para iso.

## **II PECHE DE CENTROS**

Infórmase do peche de centros, como o Instituto de Biofísica e o Biodiversidad de Oviedo sobre todo mixtos nas datas de Nadal, ofrecendo aos traballadores poder coller vacacións ou traballo a distancia. Lémbrese que hai que solicitado aos centros en tempo e forma.

## **8. COMENTARIOS E PREGUNTAS**

CIG solicita información sobre as posibles prórrogas de contratos con cargo a encomendas de xestión do IEO co MITERD que finaliza, se non se prorroga, o 31 de marzo de 2024. SXARH informa que os contratos por obra ou servizo se poden prorrogar ata o fin da encomenda, e se esta se prorroga e continúa o financiamento ata o 31 de decembro de 2024, data en que a relación contractual cambia a indefinida. En todo caso, se non hai ampliación do proxecto finaliza a vinculación porque remata a obra. Aqueles contratados por esa encomenda de carácter indefinido poden continuar se aínda sen prorroga do proxecto se están financiados por outro proxecto na mesma liña de investigación.

A administración informa do proxecto de interinidades para reforzar as xerencias con persoal das bolsas de listas de aprobados de administrativos da AGE de A2 e CI. Sería unha interinidade por vacante con cargo a OEP.